

CIRCULAR 272

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XULLO 2018

ACHEGAS DA
PSICOLOXÍA
2018

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria / Coordinadora do GIPCE



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 273 e sairá a principios do mes de setembro de 2018.

A información terá que ser remitida como data límite o 5 de agosto de 2018.

5	Información Xeral
18	Información das Seccións
23	GIPCE
24	Grupo de Tráfico e da Seguridade
25	Comisión Intersectorial de Mediación

Editorial

Un compromiso renovado

Ilusión e responsabilidade; talvez sexan estas as palabras que mellor recollan as emocións que moven o equipo que integramos a nova Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Recollemos a testemuña do camiño andado ata agora, de preto de catro décadas de traballo colectivo levantando os vimbios da psicoloxía profesional en Galicia e sobre eles continuaremos tecendo os novos retos que veñen por diante.

Para este período marcamos tres áreas como prioridades estratéxicas á hora de deseñar un plan de goberno. En primeiro lugar, debe ser a etapa da consolidación da psicoloxía na sociedade. Somos unha profesión nova, pero é tempo de deixar de arrastrar esa xuventude como unha rémora para demostrar que esta é unha disciplina científica con todo o rigor esixible, que é eficaz e que contribúe de xeito claro e probado ao benestar e á saúde das persoas e das comunidades. Por iso traballaremos para divulgar máis e mellor o que a psicoloxía pode achegar, as súas diferentes aplicacións e os beneficios que comporta.

E en liña con isto, a segunda prioridade é que urxe mellorar a empregabilidade para as persoas tituladas en psicoloxía, xa que temos unha gran canteira de talento que non pode continuar a desperdiciarse. E por suposto, a loita contra o intrusismo profesional devén unha cuestión non de defensa corporativista, senón de saúde pública. Cando a nosa profesión se ve sometida a toda unha serie de requirimentos legais para garantir unha correcta atención á persoa, asistimos ao paradoxo de comprobar como pseudociencias e terapias sen base científica se apropian dun espazo aproveitándose da vulnerabilidade allea. É inadmi-

sible, polo tanto, que proliferen perfís profesionais «paralelos» á psicoloxía, carentes de regulación, control nin fundamentación científica e, neste sentido, precisamos da alianza coa administración pública para frear estas ameazas externas. Non é, insistimos, unha posición de defensa dos intereses profesionais. É unha cuestión de saúde pública.

A defensa da psicoloxía como unha disciplina imprescindible na rede pública é a terceira das prioridades estratéxicas que definimos para este mandato. É tempo de intensificar as demandas que vimos realizando desde hai anos e que non están a ter a resposta que esiximos por parte da administración pública. Temos que ofrecer unha atención psicolóxica con profesionais suficientes e en condicións dignas no sistema de saúde, no ensino, na xustiza, nos servizos sociais, no eido laboral, no tráfico, no deporte, nas emerxencias.

É tempo de que os psicólogos e psicólogas nos situemos no lugar que nos corresponde na sociedade; un lugar que se nos demanda desde a propia cidadanía. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia debe ser o motor de transformación, a entidade promotora para a dignificación, a identidade e o prestixio da nosa querida profesión fronte a ameazas externas, vellas coñecidas e outras que están chegando, como a precariedade, as pseudo-ciencias e o intrusismo profesional.

O Colexio é a nosa casa común; así o entendemos e así queremos que o sintas. Unha estrutura grande e consolidada, que se asenta sobre unha base de 3.000 colexiados e colexiadas e que debe ofrecer un acompañamento á túa traxectoria profesional acorde coas túas necesidades. Por iso temos grandes proxectos para os vindeiros anos, nos que procuraremos que sintas un Colexio máis próximo, cun trato máis fácil e directo; simplificando os trámites a través da transformación dixital do COPG, aproveitando o que nos pode achegar a tecnoloxía para que todo sexa máis cómodo para ti.

Son moitas as iniciativas para este período e todas elas conducen ao progreso da psicoloxía profesional en Galicia. Unha profesión á que chegamos por vocación, cun forte compromiso humano e cun desexo de contribuír a un mundo mellor. Porque tan importante como os logros conseguidos é o que deixamos sementado para colleitar no futuro.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:



M^a Rosa Álvarez
Prada

- Á Asemblea Xeral Ordinaria de Unión Profesional de Galicia, que se celebrou o 26 de abril.
 - Ás reunións do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, os días 30 de maio e 13 de xuño.
-



Carlos José Losada
López

O secretario da Sección de Psicoloxía e Saúde, Carlos José Losada López, acudiu como representante do COPG ás dúas primeiras xuntanzas do Grupo de Traballo de Continuidade de Coidados para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental os días 18 de abril e 30 de maio.



Mariano Carrera Moure

O representante do COPG no Grupo de Traballo en Saúde Mental Infanto-Xuvenil para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, Mariano Carrera Moure, acudiu os días 2 e 23 de maio á cuarta e quinta xuntanza de dito Grupo de Traballo.



Mª Begoña Castro
Iglesias

A tesoureira da Sección de Psicoloxía e Saúde, Mª Begoña Castro Iglesias, acudiu á segunda reunión do Subgrupo Técnico de Traballo constituído no GT3 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Xunta de Galicia, para a «Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo», que se celebrou o 8 de maio en Santiago de Compostela.



Carlos Álvarez García

O representante do COPG no Grupo de Traballo Trastorno Mental Grave para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, Carlos Álvarez García, acudiu o día 15 de maio á primeira xuntanza de dito Grupo de Traballo.

A representante do COPG no Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña, M^a Teresa Hermida Pérez, acudiu á sesión de constitución de dito Consello, que se celebrou o 15 de maio na Coruña.



M^a Teresa Hermida Pérez

A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rocío García Calvo, acudiu o 12 de xuño á xuntanza de dito Consello.


En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Presentou unha conferencia no I Foro «Vacínate fronte aos Abusos» organizado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que se celebrou en Ourense o 25 de abril.
- Xunto coa coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á presentación do proxecto REVIVE SANTIAGO, Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado 2015-2025, organizada polo Concello de Santiago de Compostela que tivo lugar o 25 de abril.
- Asistiu á conferencia «Prevención e abordaxe do problema do alcoholismo en menores» do psicólogo Javier Urra Portillo, que se celebrou o 16 de maio na Coruña, convidada polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña. O evento formou parte da campaña «O alcohol está a prohibirche ter outra vida», que están levando a cabo as farmacias da provincia, e serviu de marco para a entrega do Premio Periodístico Albarello.
- Mantivo unha reunión o 22 de maio coa Fundación Secretariado Gitano onde lle presentaron o Programa Calí, que ten entre os seus obxectivos fundamentais o apoio sociopersoal a mulleres xitanas, con especial atención a vítimas de violencia de xénero.
- Asistiu ás «IV Xornadas nacionais de intervención psicolóxica en emerxencias, crises e catástrofes», organizadas polo Col·legi Oficial de Psicologia de les Illes Balears co auspicio do Consejo



M^a Rosa Álvarez Prada



Eva Muíño Gómez



Acto de Graduación da promoción 2014-2018



Acto inaugural do Congreso



Acto inaugural da Xornada

General de la Psicología, que se celebraron os días 25 e 26 de maio en Palma de Mallorca.

■ Participou na mesa presidencial do acto de Graduación da promoción 2014-2018 de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela, que tivo lugar o 2 de xuño. Entregouse un pendrive do COPG a cada novo psicólogo e psicóloga co Código Deontolóxico, a guía de referencia no seu camiño profesional.

■ Asistiu á toma de posesión do novo Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, e o seu equipo; o acto tivo lugar o 5 de xuño.

■ Participou no acto de inauguración e asistiu ao «III Congreso internacional para o estudo da mediación e o conflito», organizado pola Conferencia Universitaria para el Estudio de la Mediación y el Conflicto

(CUEMYC), no que colaborou o Colexio Oficial de Psicología de Galicia xunto con outras entidades como GEMME (Grupo Europeo de Maxistrados pola Mediación de España), ou a Asociación Iberoamericana de Justicia Terapéutica (AITJ), que se celebrou do 7 ao 9 de xuño en Pontevedra.

■ Participou no acto de inauguración e asistiu á Xornada «A psicología clínica entre a atención primaria e a atención especializada», organizada pola Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS (APSCS), en colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia e a Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR), que se celebrou o día 15 de xuño en Santiago de Compostela.

O tesoreiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, xunto co vogal da Xunta de Goberno do COPG Víctor Manuel Torrado Oubiña, mantiveron o 15 de maio unha reunión coa Federación Galega de Esclerose Múltiple de Galicia (FEGADEM), co fin de valorar a posibilidade de establecer sinerxías de colaboración.

Mª Concepción Rodríguez Pérez asistiu o 25 de maio xunto coa coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal da Comisión Intersectorial de Xénero, Jesica Rodríguez Czaplicki, ao espectáculo Electra, da compañía portuguesa Chapitô no Teatro Principal de Santiago de Compostela, para participar nunha tertulia posterior co público sobre este mito.

A colexiada Marcela Santorun Ardoné participou nunha mesa redonda nas «I Xornadas de mediación» organizadas polo Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, que se celebraron os días 1 e 2 de xuño en Ferrol.

A vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, María Lueiro Mendoza, asistiu ás «XVI Xornadas Interdisciplinares da Federación Alzhéimer Galicia (FAGAL)» organizadas por FAGAL, que tiveron lugar o 9 de xuño en Santiago de Compostela.

A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, asistiu ao acto de presentación do Programa ALIDA implantado na Escola de Maxisterio CEU de Vigo o pasado 15 de xuño. O seu obxectivo é o acceso das persoas con discapacidade á Universidade.


O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología celebrada o día 21 de abril en Madrid.

A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez



Concepción Rodríguez Pérez



María Lueiro Mendoza



Manuela del Palacio García



Ana Isabel Martínez Arranz



Mª Dolores González
Fernández

Arranz, asistiu á reunión da Área de Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de la Psicología o 26 de maio en Palma de Mallorca.

A coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do COPG, Mª Dolores González Fernández, asistiu ao «IV Encontro anual interterritorial da Área de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte», que se celebrou o 2 de xuño en Valencia.

Proclamación definitiva da nova Xunta de Goberno do COPG

A Comisión Electoral do COPG, na súa reunión do 22 de maio de 2018, cumpridos os prazos estipulados para a presentación de reclamacións, en cumprimento do disposto no Artigo 42 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Decreto 114/2008, do 22 de maio da Xunta de Galicia. DOG nº 110 de 9 de xuño de 2008), acordou a proclamación definitiva da nova Xunta de Goberno do COPG.

O 29 de maio fíxose o traspaso de competencias da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na cal se presentaron pola Xunta de Goberno saínte os informes da memoria de actividades e a situación económica e patrimonial do Colexio, e fíxose entrega á nova Xunta de Goberno da documentación legal do COPG.



Traspaso de competencias
da Xunta de Goberno

O 5 de xuño tivo lugar a toma de posesión da nova Xunta de Goberno cos cargos que á continuación se detallan:

Mª Rosa Álvarez Prada

Decana

Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa / TIC e Administración Electrónica

Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaría / Coordinadora do GIPCE

Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaría / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicoloxía do Deporte

Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais

Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero

Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO

José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Xurídica

Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais

Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade

Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Nova Xunta de Goberno do COPG

O COPG en GALISENIOR




Obradoiro Cambios na fala,
cambios na mente

Os días 9 e 10 de maio tivo lugar en Ourense GALISENIOR, un salón dirixido ás persoas maiores, ás súas familias e aos/as profesionais do sector xerontolóxico, co obxectivo de conceptualizar «a vellez como unha etapa máis da vida» participando na sociedade.

Estivemos presentes en varias actividades que se celebraron dentro do salón e contamos cun stand propio. Participamos coa Mesa «Calidade asistencial nas institucións socio-sanitarias» e co obradoiro «Cambios na fala, cambios na mente».

Novo servizo de asesoría laboral

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ampliou os servizos de asesorías para Colexiados e Colexiadas cun novo o servizo de asesoría laboral, que se suman aos xa existentes de asesoría xurídica e fiscal, e que comezou o seu funcionamento o día 1 de xuño.



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

V Xornada do Movemento Galego da Saúde Mental

O 2 de xuño, o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte, celebrou a «V Xornada do Movemento Galego da Saúde Mental» na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

VIII Edición do Premio mozos e mozas psicólogas emprendedoras 2018

Desde PSICOFUNDACIÓN, convocan a «VII Edición do Premio mozos e mozas psicólogas emprendedoras 2018».

O obxectivo do premio é fomentar a iniciativa, a creatividade e innovación dos mozos e mozas psicólogas españois e dos países latinoamericanos.

Máis información en:

<http://www.psicofundacion.es/pdf/2018BasesVIIIEdicionPremioJovenesEmprendedores.pdf>



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIONES
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Telf.: 986 295 621
NRS: C-36001546

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

KARMA

Telf.: 986 471 439
NRS: C-36000861

Grupos reducidos

Seminarios con especialistas

Prácticas in vivo supervisadas

Horarios e contidos adaptados

ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Cameselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaborador:

EMILIO GUTIERREZ GARCÍA
(Unidad Venres Clínico Universidad
Santiago De Compostela)

miembro honorífico:

JOSE LUIS RODRÍGUEZ-ARIAS PALOMO



Cecilia Barros Díaz

Charla informativa sobre a Protección de Datos

En relación á entrada en vigor da nova normativa de Protección de Datos, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizou unha charla informativa baixo o título «As consultas de psicoloxía e o novo Regulamento de Protección de Datos», que tivo lugar o 22 de maio en Santiago de Compostela.

A charla foi impartida pola asesora xurídica do COPG, Cecilia Barros Díaz, experta en protección de datos.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia renova o convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para a atención ás mulleres que sofren violencia de xénero e homes con problemas de control de violencia



A decana do COPG e a secretaria xeral de Igualdade

O 28 de maio levouse a cabo en Santiago de Compostela a sinatura do convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, que permite o desenvolvemento dos programas para a atención a mulleres que sofren violencia de xénero (PAPMVX) e para homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar «Abramos o Círculo».

Comunicado do COPG sobre a sentenza do caso «La Manada»

A raíz da sentenza emitida do xuízo en relación á sentenza do caso coñecido como «La Manada», desde o Colexio Oficial de

Psicoloxía emitimos un comunicado co que queremos lembrar que tal e como se recolle no Convenio de Istambul, considerado como o marco xurídico máis completo para combater a violencia contra nenas e mulleres, defínese legalmente a violación como as relacións sexuais sen consentimento. Nunha sociedade na que existe unha violencia estrutural contra a muller, o debate sobre a intimidación propicia a idea da responsabilidade da vítima á hora de protexerse da violación e distrae o foco sobre o verdadeiro agresor.



Manifesto do COPG no día Europeo da Solidariedade e Cooperación entre Xeracións

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pretende con este manifesto facer un recoñecemento e conmemoración ao Día Europeo da Solidariedade e Cooperación entre Xeracións, que se celebra cada ano o 29 de abril. Tendo en conta que o estado español atópase entre os estados con maior esperanza de vida, o envellecemento da poboación está a provocar un aumento das relacións entre diferentes xeracións na nosa sociedade cos riscos e beneficios que esta interacción leva.

Manifesto do COPG no Día Mundial para a Concienciación sobre o abuso e malos tratos ás persoas maiores

O COPG, un ano máis, quixo colaborar no Día Mundial para a Concienciación sobre o abuso e malos tratos ás persoas maiores, que se celebrou o 15 de xuño, coa publicación dun Manifesto sobre os seus dereitos. Cremos que a mellor maneira de loitar contra esta problemática é evidenciar que, detrás de actitudes e comportamentos socialmente aceptados, se esconden accións

abusivas cara ás persoas maiores e que a sociedade ignora, normaliza ou silencia. O manifesto está dispoñible na páxina web do COPG.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

CELEBRACIÓN



40º ANIVERSARIO

DA PRIMEIRA PROMOCIÓN
DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA DA USC
1978-2018



O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia xunto coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) está organizando un acto institucional para celebrar o 40º Aniversario da Primeira Promoción de compañeiros e compañeiras que se licenciaron na Facultade de Psicoloxía da USC. O evento celebrárase o 26 de outubro, recibiredes información detallada proximamente.



2009

Joel Gómez
Xornalista

Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.



2010

Juan Carlos Varela García
Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.



2011

Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica

Polas súas valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.



2012

Gemma Nierga
Xornalista

Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo contribuíndo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.

*Galardón
Dolores Llópez:
Psicoloxía e sociedade
2018*

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creamos en 2009 o acto Achegas da Psicoloxía, un encontro anual para todas as persoas colexiadas no que realizamos a entrega do noso galardón máis importante: o Premio Dolores Llópez «Psicoloxía e Sociedade».

ACHEGAS DA

Este galardón leva o nome da nosa compañeira Dolores Llópez Pereiro, para recoñecer a súa implicación e xenerosidade co Colexio, co que participou activamente durante máis de dez anos, sendo membro da Xunta Rectora desde 1987 ata 1992 e pertencendo á Comisión Deontolóxica desde 1993 ata finais de 1997.

Este recoñecemento creouse para distinguir a persoa, a institución ou á asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos.

No Achegas tamén significamos aos colexiados e colexiadas que celebran 25 anos con nós.



2013

José Luis Sampedro Sáez

Escritor

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.



2014

Veciñanza do barrio de Angrois

Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no tráxico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.



2015

Eduard Punset

Divulgador científico

Polo seu labor achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa.



2016

Rede Galega de Loita contra a Pobreza

Polo seu traballo por colectivos en situación de vulnerabilidade e dar voz a persoas que sofren con virulencia as consecuencias da exclusión e que non atopan outra posibilidade de representación.

PSICOLOXÍA

O vindeiro 21 de setembro celebraremos o acto Achegas da Psicoloxía que terá lugar no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela, do que daremos cumprida información. Alí faremos entrega do premio «Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade» que este ano recae na filósofa Amelia Valcárcel Bernaldo de Quirós, polo seu papel como «mestra» da teoría política feminista na nosa sociedade. Sen perder de vista outras realidades moito máis duras no planeta. Ademais das súas contribucións como docente e filósofa a unha defensa da ética profesional e do compromiso social a través do seu exercicio.



2017

Fundación Andrea

Pola importante labor que veñen desenvolvendo pola infancia en Galicia, apoiando ás familias de nenos e nenas que padecen enfermidades longas ou crónicas.



© Eva Viera

2018

Amelia Valcárcel Bernaldo de Quirós

Polo seu papel como «mestra» da teoría política feminista na nosa sociedade, sen perder de vista outras realidades moito máis duras no planeta. Ademais das súas contribucións como docente e filósofa a unha defensa da ética profesional e do compromiso social a través do seu exercicio.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓN

Nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG

O pasado mes de maio constituíuse a primeira Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa finalidade de continuar favorecendo o desenvolvemento científico profesional da psicoloxía neste ámbito.

Esta Xunta Directiva está integrada por profesionais de diversos ámbitos: empresa privada, sector público, universidade e terceiro sector. Concretamente, compoñen esta primeira Xunta Directiva da Sección de PTO do COPG:

- Carlos Montes Piñeiro, *presidente*
- José Ortuño Vilurbina, *vicepresidente*
- Ana María Entenza Vidal, *secretaria*
- Antonio Esteban Fuertes Saavedra, *tesoureiro*
- Julio González Morandeira, *vogal*
- Sandra Iglesias Rodríguez, *vogal*
- José Manuel Campal Fernández, *vogal*
- Paloma Muñoz Díaz-Castroverde, *vogal*
- José Luis Domínguez Rey, *vogal*

Entre os retos inmediatos da Sección, destacan a divulgación do alcance da psicoloxía no contexto laboral e a estimulación do debate desde este ámbito en beneficio das persoas traballadoras, das empresas e das organizacións, e en definitiva, da sociedade no seu conxunto.


Se desexas asociarte á Sección de PTO, podes facelo empregando o formulario que atoparás no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/solicitude_alta_na_seccion_de_pto.pdf

Xornadas de Prevención de Riscos Laborais

A Sección colaborou coa Xunta de Galicia -a través da Consellería de Economía, Emprego, e Industria e do seu órgano técnico na materia, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), e co Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo (INSSBT) na organización das Xornadas de Prevención de Riscos Laborais.

A actividade celebrárase os días 12 e 13 de xullo, no Parador Hostel dos Reis Católicos en Santiago de Compostela, baixo o título «*Coidando ás persoas: regreso ao traballo tras unha baixa de longa duración*».



Cartel informativo das xornadas

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>

Estas Xornadas enmárcanse na Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2015-2020 e teñen como obxectivo principal o de abordar a reincorporación das persoas traballadoras de xeito precoz tras unha enfermidade ou lesión, así como o de axudar os traballadores e traballadoras con problemas de saúde crónicos a manter o seu posto de traballo. Esta problemática é cada vez máis cotiá e, sen dúbida, debe ser obxecto de debate, estudo e resposta nunha sociedade moderna e avanzada que defende ás persoas como valor capital das organizacións.

Participarán diferentes profesionais da prevención de recoñecido prestixio, de institucións públicas e privadas, destacando unha ampla presenza de profesionais da Psicoloxía. Neste sentido, o COPG estará representado por Carlos Montes Piñeiro, Presidente da Sección de PTO e Coordinador do Grupo de Traballo de Saúde e Benestar Ocupacional.

Do mesmo xeito, intervirán diferentes entidades que están a desenvolver programas de readaptación e inserción sociolaboral como a Asociación Española Contra o Cancro (AECC), a Asociación DIA de Víctimas de Accidentes de Tráfico, a Fundación Española do Corazón ou a Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela, entre outras.

Para máis información: www.jornadasprevencion.org/jornadas-santiago-2018/

SECCIÓN DE PSICOLOGÍA E SAÚDE

Formación prevista

A Sección de Psicología e Saúde está preparando diferentes actividades formativas para o segundo semestre do ano. Entre elas, estase a planificar un curso sobre discapacidade intelectual, impartido por Hadriana Ordóñez Otero, psicóloga e sexóloga.

Formación realizada

Os días 11 e 12 de maio tivo lugar o curso **«Introdución á terapia de aceptación e compromiso»** impartido pola psicóloga Thaïs Tiana Sastre, membro do Programa de Prevención de Suicidio do Hospital de Sant Pau (Barcelona) e do Programa de Atención ao Supervivente, e coordinado por Alba Fernández Revaldería (vogal da Sección de Psicología e Saúde). As persoas asistentes, mediante metodoloxía teórica e práctica, puideron adquirir coñecementos sobre os elementos nucleares da Terapia de Aceptación e Compromiso, así como as habilidades terapéuticas propias da intervención psicolóxica baseada neste modelo.

Por outra banda, Rosa Calvo Sargadoy, doutora en Psicología e responsable da Unidade de TCA en adolescentes e pacientes de larga duración do Hospital Universitario de «La Paz» (Madrid), foi a docente do curso **«Tratamento dos trastornos da conduta alimentaria cronicados»**, celebrado os días 1 e 2 de xuño e coordinado por María Blanco Suárez e Mercedes Fernández Cabana (vogal e tesoureira respectivamente, da Sección de Psicología e Saúde). Este encontro serviu como introdución teórica e práctica ao modelo de intervención psicolóxica empregado no hospital arriba nomeado, que versa en torno ás características cognitivo-emocionais nas persoas con este tipo de trastornos de longa evolución e nas súas familias, así como as dianas terapéuticas a abordar nestes casos.

Finalmente, o 16 de xuño tivo lugar o curso **«Protocolo PsicAP para o tratamento dos trastornos emocionais»**, actividade formativa incluída na Xornada «A Psicología Clínica entre a atención primaria e a atención especializada», na que colabora a Sección de Psicología e Saúde do COPG. Este curso foi



Curso Introdución á terapia de aceptación e compromiso



Curso Tratamento dos trastornos da conduta alimentaria cronicados



Curso Protocolo PsicAP para o tratamento dos trastornos emocionais

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>



Obradoiro intelixencia emocional

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

organizado pola Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS (APSCS), xunto coa Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR) e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Os docentes, Antonio Cano Vindel (catedrático de Psicoloxía na Universidad Complutense de Madrid e investigador principal do ensaio clínico PsicAP) e Paloma Ruiz Rodríguez (médico especialista en Medicina de Familia no Servicio Madrileño de Salud e investigadora principal do subestudo sobre avaliacións económicas de PsicAP) expuxeron a súa experiencia na implantación de dito protocolo para a intervención psicolóxica en trastornos emocionais no contexto da Atención Primaria.

Asemblea Extraordinaria da Sección

O luns 23 de abril tivo lugar no Salón de Actos do COPG unha Asemblea Extraordinaria da Sección de Psicoloxía e Saúde, onde se aprobou a incorporación de Almudena Campos González como vogal da Xunta Directiva da Sección, en cobertura da baixa na mesma de Marta González Rodríguez.



Momento da Asemblea

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

O día 31 de maio celebrouse o obradoiro «**Intelixencia emocional**» impartido por Daniel Novoa Vidal, Licenciado en Psicoloxía pola UNED e terapeuta familiar no Gabinete de Psicoloxía ITACA.

O obradoiro tivo lugar no salón de actos do COPG onde a través de dinámicas e reflexións grupais o relator conseguiu transmitir a todas as persoas asistentes unha visión xeral do que é a intelixencia emocional dentro do marco da educación emocional.

Ao remate da xornada tivo lugar a asemblea anual de socias e socios da Sección. Nela a Xunta Directiva remarcou que se está traballando co obxectivo de visibilizar a Psicoloxía Educativa e que está aberta a todas a suxestións que os socios e socias da Sección queiran achegar.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Obradoiro sobre métodos de xestionar os conflitos en divorcios de alta conflitividade: a coordinación de parentalidade (CP)

O 19 de maio de 2018 tivo lugar a celebración do obradoiro «**Métodos de xestionar os conflitos en divorcios de alta conflitividade**» impartido pola docente M^a Jesús Pérez Crespo, psicóloga, mediadora familiar (UCM e ICAM) e coordinadora da parentalidade (Cooperative Parenting Institute, Atlanta, EUA).

O obradoiro, que proporcionou información sobre a conceptualización, o desenvolvemento e o método de traballo da coordinación de parentalidade, tivo unha boa acollida, coa participación de 24 persoas, e unha valoración positiva destacando como aspectos máis valorados na enquisa de valoración da formación o dominio da materia por parte da docente, a utilidade da temática impartida para o exercicio profesional así como a súa exposición dinámica e participativa. Na mesma enquisa as persoas participantes demandan máis formación nesta temática así como en mediación e intervención infanto-xuvenil.

XI Congreso (inter)nacional de psicoloxía xurídica e forense da Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense

O **XI Congreso (Inter)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense** celebrarase do 1 ao 3 de novembro de 2018 no Palacio de Congresos de Granada. O principal obxectivo do congreso é poder seguir desenvolvendo, entre todos, unha psicoloxía xurídica e forense con mellor formación e máis ferramentas, fiables e válidas, que avalen unha necesaria e merecida ampliación das competencias e independencia profesional. Está aberto o prazo para participar, ben como asistente, como comunicante ou propoñendo simposios temáticos.

Pódese obter máis información do Congreso na páxina web da Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense <http://sepjfg.org/>

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/xuridica>

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación externa

- Celebrouse unha nova edición do curso «**Apoio psicolóxico básico no manexo do estrés con intervinientes en situacións de emerxencias ou catástrofes**», dirixido a axentes forestais da nosa comunidade. A actividade desenvolveuse entre os días 31 de maio e 1 de xuño na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e foi impartido pola compañeira Leonor Galiana Caballero.
- A solicitude da Consellería de Educación, impartíronse nas catro provincias galegas unhas xornadas formativas para persoal directivo dos centros educativos, «**Incidentes críticos nos centros educativos**», coas que se pretende dotar as persoas asistentes das ferramentas básicas para o manexo destas situacións. As xornadas do 24 de abril en Pontevedra e do 26 de abril en Lugo estiveron a cargo de Olegaria Mosqueda Bueno; mentres que as do día 9 de maio na Coruña e o 10 en Ourense foron impartidas por Concepción López Martín.




Participantes no simulacro

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/gipce>

Informacións

O día 9 de maio desenvolveuse no Bolo (Ourense) un simulacro do Plan de Emerxencia establecido para o caso da rotura da presa da localidade. Tratouse dun simulacro cualificado de nivel II, no que participou a UME (Unidade Militar en Emerxencias), xunto con poboación real en lugar de figurantes. A intervención do GIPCE estivo dirixida a traballar cos residentes nos tres escenarios de intervención propostos, o pavillón deportivo

dos Casares (Ribas de Sil), o Centro Social de Portomourisco (Petín) e o Colexio Público e polideportivo municipal do Bolo. Da súa coordinación encargouse o compañeiro José Ramón García, que tamén asistiu ás xuntanzas preparatorias dos días 19 de abril e 7 de maio. Contouse coa participación de 12 GIPCEs.



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Coñece o Código Deontolóxico, así como o marco legal no que se leva a cabo a túa práctica profesional.
- Actúa con responsabilidade. O descoñecemento da lei e das normas non te exime de responsabilidade.

Sesión formativa

O día 9 de xuño desenvolveuse o «**I curso cans perigosos: educación e tenencia responsable**», dirixido a psicólogos e psicólogas co obxecto de tratar a avaliación das condicións psicofísicas para a tenencia de cans perigosos e achegarnos ao modelo actual da psicoloxía da seguridade.

A actividade formativa celebrouse no salón de actos do COPG, foi coordinada por Rosa Domínguez Cameán e impartida por Ángel Mollá Marcos, educador canino, e Noemí Graña Torralba, veterinaria.

Ademais dunha ampla participación, contamos coa presenza de dous acompañantes caninos sobre os que se nos ofreceron prácticas reais das técnicas máis adecuadas.

A idea é seguir aprofundando neste campo cun segundo curso de cara ao desenvolvemento dun protocolo de actuación máis preciso neste eido.

SEVIME

O día 3 de maio levouse a cabo coa Policía Local de Vigo e a Fiscalía de Menores de Pontevedra outra intervención do programa de Seguridade Viaria con Menores (SEVIME). Neste caso o grupo constituírono catro menores e a intervención realizouna Diego Lorenzo, psicólogo membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.

GRUPO DE TRÁFICO E DA SEGURIDADE



I Curso cans perigosos: educación e tenencia responsable



Ligazón ao apartado do Grupo de Tráfico e da Seguridade da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-mediacion>

Programa Xornadas de Concienciación

Rematou a intervención dos grupos de Xornadas de Concienciación que se estaba a celebrar en Ferrol e en Santiago. Queda pendente para despois do verán a celebración dunha segunda intervención en Ferrol.

Acceso ao Grupo de Tráfico e da Seguridade

Convidamos os colexiados e colexiadas con interese en formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, a que formalicen o seu acceso. Só cómpre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno do Grupo (Anexo III), aos que se pode acceder a través do seguinte enlace https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_rexi-me_interno_do_grupo_de_trafico_e_da_seguridade.pdf

División do Tráfico e da Seguridade.

En breve terá lugar a convocatoria de eleccións á Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología. Animamos ás colexiadas e colexiados a participar dos proxectos da División, inscribíndose na mesma. O procedemento e requisitos para a inscrición atópanse no seguinte enlace da web do Consejo General de la Psicología: <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-Formulario>

A Comisión Intersectorial de Mediación, despois de analizar as demandas de formación neste ámbito, decidiu levar a cabo o **«II Curso de mediación en asuntos civís e mercantís»**.

O curso desenvolverase desde o 15 de setembro ao 1 de decembro e abordará os seguintes obxectivos:

1. Dotar dos coñecementos necesarios para desenvolver procedementos de mediación nos ámbitos civil e mercantil.
2. Coñecer as competencias e as características do rol do mediador ou mediadora.
3. Coñecer as técnicas do procedemento de mediación.
4. Adquirir un manexo aplicado das competencias e técnicas de mediación.

Podes inscribirte ata o 5 de setembro.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os Colexiados e Colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo

—



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de Colexiado/a



Nome Apelido Apelido

O teu número
de Colexición
ten moito valor
faino ver

VALEDOR DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

QUEN É?

É unha figura creada como órgano independente para encargarse da defensa e protección dos dereitos, intereses e liberdades de todos os membros do COPG.

COMO SE SOLICITA A SÚA INTERVENCIÓN?

Calquera colexiado/a pode solicitar a intervención do/a Valedor/a se considera lesionados os seus dereitos en canto profesional da Psicoloxía, tanto polo Colexio como por calquera organismo ou entidade pública ou privada.

COMO ACTÚA?

- ❑ Procedemento con vistas orais e/ou escritas, posibilidade de mediación, se é o caso, e unha resolución do mesmo nun prazo máximo de 3 meses.
- ❑ As súas recomendacións non son vinculantes, pero si poden suxerir a modificación de criterios na elaboración de acordos ou de resolucións dos órganos de goberno do COPG.

TEÑEN LIMITACIÓNS AS SÚAS ACTUACIÓNS?

- ❑ O asunto sometido á súa consideración estea pendente dalgún procedemento xudicial ou xa teña sido xulgado.
- ❑ Transcorra máis dun ano desde que se produciu o suceso.
- ❑ Se a queixa é anónima ou se aprecia mala fe nela.
- ❑ Se é ou foi obxecto da intervención da Comisión Deontolóxica.

Para ver o regulamento de funcionamento do/a valedor/a acceder ao seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_valedor_colexiados-as.pdf



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Verán

*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*

Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h

Do 1 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicológos